



GUÍA INFORMATIVA



Facultade de Relacións Laborais

Universidade de Santiago de Compostela



Curso 2019-2020

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	2
1. O CENTRO	3
1.1.- BREVE HISTORIA DA FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS	3
1.2.- LOCALIZACIÓN E INSTALACIÓNS	4
1.3.- A BIBLIOTECA CONCEPCIÓN ARENAL	6
1.4.- OS ÓRGANOS DE GOBERNO	9
1.4.1.- Xunta de Facultade.....	9
1.4.2.- Comisións estables da Facultade: Comisión Permanente e Comisión de Calidade.....	9
1.4.3.- Equipo Decanal	10
1.5.- PROFESORADO	11
1.6.- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.....	12
1.7.- OS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS.....	12
2. O ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR	14
2.1.- OS OBXECTIVOS DO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR.....	14
2.2.- O CONCEPTO DE COMPETENCIA NO EEES.....	15
2.3.- AS ACTIVIDADES FORMATIVAS	15
2.4.- OS CRÉDITOS ECTS.....	16
2.5.- ESTRUCTURA DOS ESTUDOS	17
3.TITULACIÓNS IMPARTIDAS NA FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS	18
4. SERVIZOS UNIVERSITARIOS DE INTERESE	19
4.1.- PUNTO DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA.....	19
4.2.- BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS.....	19
4.3.- REDE DE AULAS DE INFORMÁTICA.....	20
4.4.- SOLICITUDE DE CORREO ELECTRÓNICO	20
4.5.- ACCESO A INTERNET	21
4.6.- TARXETA UNIVERSITARIA DE IDENTIDADE (TUI)	21
4.7.- SECRETARÍA VIRTUAL PARA O ESTUDIANTE	22
4.8.- CAMPUS VIRTUAL	23
4.7.- A PÁXINA WEB DA FACULTADE	24
5.- ESTUDO DE IDIOMAS	27
5.1.- CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM).....	27
5.2.- ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS	28

PRESENTACIÓN

Esta guía é resultado do esforzo e o compromiso coa mellora da calidade que desde a dirección e os distintos servizos da Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela véñense mantendo nos últimos anos. Trátase dun documento deseñado coa intención de transmitir, de xeito selectivo, certas informacións de suma utilidade para todos cantos teñan relación co centro e as súas titulacións (alumnado, profesorado, persoal de administración e servizos e público en xeneral).

Como decana do centro quixera aproveitar esta oportunidade para dar a benvida, en nome de todo o persoal docente e non docente desta Facultade, ao noso alumnado, moi especialmente ós/ás que este Curso 2019/2020 se incorporan por primeira vez a calquera das nosas titulacións. Agradecemoslles a súa elección, coa esperanza de que ó rematar os seus estudos vexan satisfeitas en boa medida as súas expectativas.

Para que o noso alumnado poida obter unha axeitada formación será fundamental a labor que todo o persoal e a dirección do centro realicemos ó longo de todo o seu tempo de estancia con nós, poñendo a súa disposición os medios materiais cos que contamos, así como o noso esforzo, experiencia e coñecementos. Pero tamén será necesario, e non é este o aspecto menos importante, que o alumnado se sinta dende o primeiro día membro activo do centro, informándose do seu funcionamento, facendo valer os seus dereitos e responsabilizándose das súas obrigas, aportando na aula e fora dela, participando nas diferentes actividades que se programen, suxerindo melloras ou incorporándose ós diferentes órganos de participación, representación e decisión ós que teñen acceso.

Un estudante universitario precisa de moita información para poder aproveitar axeitadamente as distintas posibilidades que lle ofrecen tanto a súa universidade como o seu centro. Esta guía non pretende ofrecer toda esa información: trátase dunha guía de centro, a súa pretensión é a de facilitar a entrada e a permanencia no mesmo do alumnado da Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela. Será función e responsabilidade deste a obtención desa outra información necesaria, que poderán obter a través de diferentes medios: páxina web, taboleiros de anuncios, servizos de orientación e información estudantil, coordinadores de prácticas ou de intercambio, equipo de dirección, responsable da unidade de apoio a centros e departamentos, estudantes tutores, conserxería, etc.

Esperando que a guía te sexa útil e que a túa estancia no centro sexa moi enriquecedora, tanto dende o punto de vista persoal como académico, recibe un cordial saúdo do equipo directivo do centro.

A DECANA

Silvia Moscoso Ruibal

1. O CENTRO

1.1.- BREVE HISTORIA DA FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

Os antecedentes da Facultade de Relacións Laborais da USC, creada no mes de decembro de 2011, remóntanse á década dos corenta do pasado século. Concretamente, no ano 1942 créase en Santiago de Compostela o Seminario de Estudos Sociais, dependente do Ministerio de Traballo. Pouco despois, por Orde Ministerial do 28 de xuño de 1946, o Seminario convértese en Escola Social, na que se impartiría a titulación de graduado social. Posteriormente, o R.D. 921/1980 do 3 de maio establece a equivalencia do título de graduado social co de diplomado universitario en Relacións Laborais. Seis anos máis tarde, o R.D. 1524/1986 do 13 de xuño oficializou definitivamente o carácter universitario da Escola Social. Este proceso plasmouse a nivel autonómico no Decreto 241/1991 do 4 de xuño, publicado no DOG do 18 de xullo, que integrou a Escola Social de Santiago de Compostela na Universidade homónima, pasando a denominarse Escola Universitaria de Graduado Social.

No ano 1993, por Resolución do 15 de novembro, implantouse o plan de estudos para a obtención do título de diplomado en Relacións Laborais na Universidade de Santiago de Compostela. A partir dese momento, a titulación de diplomado vai substituíndo progresivamente á de graduado social que terminará por desaparecer. Un novo plan de estudos de Relacións Laborais foi introducido por Resolución do 9 de xuño de 1999 e, no mesmo ano, por Decreto 216/1999 do 15 de xullo (DOG do 26 de xullo), a denominación oficial do centro pasa a ser Escola Universitaria de Relacións Laborais.

No ámbito dos estudos oficiais de Posgrao, o Consello de Goberno da USC, en sesión do 10 de novembro de 2006, aproba o título Interuniversitario de Xestión e Dirección Laboral, impartido na Universidade de Santiago de Compostela neste Centro, e nas de Vigo e A Coruña. A súa primeira edición desenvolveuse no curso 2006/2007, transformándose posteriormente esta titulación no actual Máster Interuniversitario de Xestión e Dirección Laboral. Pouco despois, o 25 de setembro de 2008 o Consello de Goberno da USC aprobou a implantación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, que comeza a súa andaina no curso 2009/2010. Isto conlevou o proceso de extinción da Diplomatura de Relacións Laborais, á que substitúe.

Como xa foi dito, no mes de decembro de 2011 a Escola Universitaria de Relacións Laborais transfórmase en Facultade de Relacións Laborais. No curso 2015/16 este Centro, xunto coa Facultade de Dereito, comezou a ofertar un Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos e, máis recentemente, no curso 2017/18 o Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social. Este último mestrado foi remodelado e a partir do curso 2019/20 impartirase coa denominación de Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións e Psicoloxía Xurídica-Forense.

1.2.- LOCALIZACIÓN E INSTALACIÓNS

Facultade de Relacións Laborais

Universidade de Santiago de Compostela

Rúa Ángel Jorge Echeverri, s/n

Campus vida

15782 Santiago de Compostela

O edificio é compartido por dous centros: a **Facultade de Relacións Laborais** e a **Facultade de Ciencias Políticas e Sociais**, polo que existen espazos propios ou específicos de cada centro e espazos comúns.

No que se refire á Facultade de Relacións Laborais, **a superficie total que lle corresponde no edificio é de 4.500 m²**

Na seguinte táboa relaciónanse as **instalacións propias** do centro:

Planta baixa	
	Decanato
	Secretaría / Vicedecanato
	Despacho Xestor/a Académico/a
	Despachos profesores (2)
	Sala de Xuntas
	Local de alumnos
	Aulas 1-6
	Seminarios 1-2
	Laboratorio de Recursos Humanos
	Punto de lectura con conexión eléctrica
Planta soto	
	Aula 7-10 e Maraión
	Aulas informática I e II
	Seminario 3
	Punto de lectura con conexión eléctrica
Planta primeira	
	Despachos profesores (18)
	Sala de profesores



As instalacións compartidas coa Facultade de Ciencias Políticas son as seguintes:

Planta baixa		
		Conserxería
		Despacho Responsable Asuntos Económicos
		Punto de lectura con conexión eléctrica

Planta soto	
	Almacén

Edificio novo (planta soto)	
	Salón de actos
	Salón de graos

Na planta baixa, no hall do edificio, os estudantes dispoñen de máquinas expendedoras de bebidas e alimentos, así como dun **servizo de taquillas** para deixar os seus obxectos persoais. Para a súa utilización deberán dirixirse á conserxería, identificarse oportunamente e recoller a chave.

A Biblioteca do centro é a **Biblioteca Concepción Arenal**, compartida coa Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e a Facultade de Dereito. Está localizada nun edificio propio, a carón da Facultade de Dereito e, dadas as súas especiais características, a continuación se lle dedica un apartado diferenciado.

1.3.- A BIBLIOTECA CONCEPCIÓN ARENAL

A Biblioteca Concepción Arenal forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC), e reúne os recursos bibliográficos indispensables na rama de coñecemento de **Ciencias Xurídicas e Sociais**. Conta con **rede wifi** en todas as súas instalacións e ocupa unha superficie de 7.410 m², distribuídos en seis andares, sendo a súa distribución a seguinte:

- **Sala de lectura:** Distribuída en tres pisos. Nela atópanse as coleccións actuais de libros e manuais de uso mais frecuente e 956 postos de lectura.
- **Planta de acceso.** Nela atópase unha **Aula de formación** con 30 postos, unha **zona de descanso e traballo en grupo**, a **Aula informática Universia**, así como a recepción e o mostrador de préstamo.
- **Sala de Investigación:** Distribuída nunha planta para consulta de fondo especializado, con fondo de investigación e hemeroteca, Esta sala dispón de 49 postos individualizados de investigador, reservables, que dispoñen de taquilla para depositar obxectos persoais, con rede eléctrica e conexión fixa a internet e, ademais, 24 postos para consultas puntuais do fondo.
- **Depósito:** A última planta contén o fondo de menor uso e antigo, revistas pechadas e revistas de investigación e teses.



As coleccións da biblioteca son de libre acceso na súa totalidade, agás o fondo antigo, comprenden máis de 166.000 volumes de libros e máis de 4.000 títulos de revistas (3.300 pechadas e unhas 700 en curso). As principais áreas de coñecemento representadas nestes fondos reflicten a investigación e docencia impartidas nas Facultades de **Relacións Laborais, Dereito e Ciencias Políticas e Sociais**.

Os fondos bibliográficos están diferenciados en: **libros de apoio á docencia**, ubicados nos andares inferiores da Sala de Lectura e **libros de investigación**, nos andares un e dous. O único fondo bibliográfico que está en depósito é o fondo antigo ou de especial valor (fondos dende o século XVI). Na Hemeroteca poden consultarse os números do último ano dos títulos de revistas que se reciben en papel e, ademais, a través dos ordenadores, poden consultarse as revistas electrónicas e as principais bases de datos.

Na páxina web da biblioteca (<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/>) ofértase ampla información sobre a BUSC e accédese ao catálogo automatizado, coleccións dixitais e outros servizos vía web.

A comezos de cada curso académico impártense cursos de formación sobre os servizos bibliotecarios ao alumnado de novo ingreso e, outros máis especializados (manexo de bases de datos, etc.), a demanda do profesorado ou usuarios ao longo do curso.



A Biblioteca Concepción Arenal está a apostar polas redes sociais:

- [Web propia](#)
- Blog [Fonte Limpa](#)
- [Facebook](#) con case 2500 seguidores
- [Pinterest](#), onde se publican as novidades bibliográficas, películas...
- [Google +](#)
- [Flickr](#)
- [Issuu](#) destinado a enquisas, informes, etc.

A finais do curso 2012/2013 instalouse un sistema de control de accesos, a través da tarxeta universitaria de identificación (TUI), que se activa nos períodos extraordinarios de apertura da biblioteca, por mor da gran afluencia de usuarios/-as.

O **horario de apertura** habitual é o seguinte:

- De luns a venres, de 8.30 h a 21.30 h.
- Sábados, domingos e festivos, de 10 h. a 19.30 h.
- En épocas de exames pecha ás 3.00 h, incluídos os sábados, domingos e festivos

Información e contacto:

Biblioteca Universitaria Concepción Arenal

Rúa dos Feáns, s/n. Campus Vida

E-15782 Santiago de Compostela

España

derprest@usc.es

Tel: +34 8818 15210

Fax: +34 8818 15213

1.4.- OS ÓRGANOS DE GOBERNO

1.4.1.- Xunta de Facultade

A Xunta de Facultade é un órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación daquel e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión. O Pleno da Xunta de Facultade terá a seguinte composición:

- a) O Decano ou Decana
- b) O Vicedecano ou Vicedecana
- c) O Secretario ou Secretaria da Facultade
- d) A persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
- e) Persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censados nel, así como o non censado que teña no centro un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo. Están incluídos dentro deste grupo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á USC, que representará o 51% da composición da Xunta.
 - O resto, sempre que non exceda do 10% do total da Xunta. O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5%.
- f) Unha representación dos/das estudantes nunha proporción do 32% de todos os membros da Xunta, do cal o 28% será das titulacións de Grao adscritas á Facultade e o 4% das de Máster Universitario e Doutoramento
- g) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous membros.

1.4.2.- Comisións estables da Facultade: Comisión Permanente e Comisión de Calidade

A **Comisión Permanente** é a competente para:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados pola Xunta de Facultade nos termos previstos polo Regulamento de Réxime Interno da Facultade.
- c) Coñecer e decidir sobre calquera asunto que sexa competencia da Xunta de Facultade e non estea reservado expresamente a esta.
- e) Asesorar en todas aquelas cuestións que o/a decano/a lle solicite no exercicio das súas competencias e decidir, de ser o caso, sobre as que aquel lle delegue expresamente.

Os membros da Comisión Permanente teñen que selo da Xunta de Facultade. A súa composición é a seguinte:

- a) O decano ou decana que a preside e convoca.
- b) Os vicedecanos ou vicedecanas.
- c) O secretario ou secretaria da Facultade que actuará como Secretario/a da Comisión.
- d) Unha representación dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de 10, distribuídos do seguinte xeito: 4 membros do profesorado con vinculación permanente á USC, 1 membro do restante persoal docente e investigador, 3 estudantes de grao, 1 estudante de máster ou doutoramento e 1 membro do persoal de administración e servizos.

A **Comisión de Calidade** do centro é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) da Facultade, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema, tanto dos seus logros como dos problemas que se presenten.

Está composta por:

- a) O/a decano/a, que a preside e convoca.
- b) O/a responsable de calidade do Centro.
- c) O/a secretario/a da Facultade.
- d) Os/as coordinadores/as de todas as titulacións oficiais adscritas a Facultade.
- e) O/a responsable da Unidade de Apoio a Xestión a Centros e Departamentos da Facultade.
- f) Dous estudantes nomeados pola Xunta de Facultade.
- g) Outros membros que o/a decano/a considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGIC.

1.4.3.- Equipo Decanal

O equipo decanal do centro, no momento da confección desta guía, é o seguinte:

DECANA: Silvia Moscoso Ruibal

VICEDECANO: José Joaquín Vidal Portabales

SECRETARIA : M^a Jesús Souto Blanco

O/A decano/a é elixido/a pola Xunta de Centro e nomeado polo Reitor por un período de catro anos. Os cargos de vicedecano/a e secretario/a son tamén nomeados polo Reitor a proposta do/a decano/a.

1.5.- PROFESORADO

O profesorado do centro pertence ós diferentes departamentos en que se estrutura, no ámbito docente e investigador, a Universidade de Santiago de Compostela. Os departamentos e as áreas correspondentes que teñen asignada docencia no centro son os seguintes:

- Dereito Común (Área de Dereito civil)
- Dereito público especial e da empresa (áreas: Dereito do Traballo e da Seguridade Social; Dereito Mercantil; Dereito Financeiro e Tributario)
- Dereito Público e Teoría do Estado (áreas: Dereito Administrativo e Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais)
- Economía Aplicada (área: Economía Aplicada)
- Economía Financeira e Contabilidade (área: Contabilidade)
- Fundamentos da Análise Económica (área: Fundamentos da Análise Económica)
- Organización de Empresas e Comercialización (área: Organización de Empresas)
- Ciencia Política e Socioloxía (área: Psicología Organizacional, Xurídico-Forense e Metodoloxía das Ciencias do Comportamento, Socioloxía)
- Historia (área: Historia Contemporánea)
- Electrónica e Computación (área: Linguaxes e Sistemas Informáticos)
- Análise Matemática, Estatística e Optimización (área: Estatística e Investigación Operativa)
- Psicología Clínica e Psicobiología, Departamento externo vinculado ás titulacións, Ciencia Política e Socioloxía (áreas: Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos, Área externa M.U en Psicología do Traballo e as Organizacións, Psicología Xurídica-Forense, Psicología Organizacional, Xurídica Forense e Metodoloxía das Ciencias do Comportamento)
- Psicología Social, Básica e Metodoloxía (área: Psicología Social)

A sede destes departamentos non está no centro, senón noutros, localizados nos distintos campus da USC, nas facultades de Dereito, de CC Económicas, de Psicología, de Historia, etc.

Parte dos profesores da facultade teñen dedicación exclusiva na mesma, mentres outros compaxinan a súa docencia/investigación neste e noutros centros. Por iso algúns daqueles teñen o seu despacho na facultade e outros noutros centros.

1.6.- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

O persoal de administración e servizos (PAS) serve de apoio tanto ó profesorado como ós usuarios do centro. Algunhas destas persoas son persoal compartido coa Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e outras son persoal propio do centro.

RESPONSABLE DA UNIDADE DE APOIO A CENTROS E DEPARTAMENTOS (XESTORA DE CENTRO)

Dolores Grela Piñeiro Tfno.- 8818 15171

RESPONSABLE DE ASUNTOS ECONÓMICOS

Francisco Otero Martís Tfno.- 8818 15130

SECRETARÍA DO DECANATO

María Pilar Ruanova Santomil Tfno.- 8818 15126

CONSERXERÍA

Darío Figueras Lamas (Conserxe) Tfno.- 8818 15125
Ana Cereijo Quinteiro
Carmen Brandariz Fidalgo
Elena Marta Vázquez Martínez

O persoal que se ocupa do servizo de limpeza do centro non pertencen á plantilla de persoal da USC, senón a unha empresa allea coa que esta ten subcontratado o correspondente servizo.

1.7.- OS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS

Na Universidade de Santiago de Compostela, a diferenza doutras moitas universidades españolas, procedeuse a unha reestruturación dos servizos administrativos, eliminando os negociados dos centros e creándose unidades centralizadas que se ocupan de xestionar unha determinada área de actuación para todos os centros dun campus. Por iso, moitos dos trámites administrativos que o alumnado debe realizar non os vai a facer no seu centro, senón nalgunha das unidades administrativas centralizadas, mentres outros, moi poucos, permanecen nos centros.

Nos **centros** o alumnado deberá, entre outras, realizar as xestións relacionadas coa solicitude de:

- Cambio de grupo (a través da secretaria virtual do alumnado)
- Prácticas en empresa
- Traballos fin de grado ou posgrao
- Dispensa de asistencia á clase
- Adaptacións parciais

Nas **unidades centralizadas**, localizadas en edificios propios (Pavillón estudantil, Casa Jimena y Elisa Fernández de la Vega,...), o alumnado deberá realizar, entre outras, as seguintes xestións:

- Matrícula de materias, traballo fin de grao, prácticas en empresa, etc. (Servizo de xestión académica)
- Solicitud de bolsas e axudas ó estudo (Servizo de axudas e servizos ó alumnado)
- Validacións, adaptacións e homologación de estudos (Servizo de xestión académica)
- Solicitud de títulos e certificados (Servizo de xestión académica)
- Programas de intercambio e mobilidade ERASMUS, SICUE, etc. (Oficina de Relacións Exteriores)
- Solicitud de aloxamento (Servizo universitario de residencias)

Servizo de xestión académica (SXA)

Pavillón Estudantil - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela

Teléfono: 881814531

Correo electrónico: sxa@usc.es

Servizo de axudas e servizos ó alumnado

Pavillón Estudantil, 1º andar - Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela

Teléfono: 881814574

Correo electrónico: sur@usc.es bolsas@usc.es ; escola.infantil@usc.es

Oficina de análise de reclamacións (OAR)

PavillónEstudantil, 1º andar - Campus Vida-. 15782 Santiago de Compostela

Teléfono: 881 814 55

Correo electrónico: oarmp@usc.es

Servizo de Relacións Exteriores (SRE)

Colegio de Fonseca, Calle del Franco, s/n- 15782 Santiago de Compostela

Teléfono: 881811000 **Ext.** 12849 - **Fax.** 34 881 812 843

Correo electrónico: international@usc.es

Servizo universitario de residencias (SUR)

Pavillón estudantil, 1º andar, Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela

Teléfono: 881 814 574 / 575/ 582 - **Fax:** 881 814 559

Correo electrónico: sur@usc.es mobilidade.sur@usc.es dursur@usc.es


2. O ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

2.1.- OS OBXECTIVOS DO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

O denominado Espazo Europeo de Educación Superior (en adiante EEES) iniciase no ano 1999, coa sinatura por parte de 29 países europeos da denominada Declaración de Boloña, que establece os seguintes obxectivos:

- ✓ Mejora de la calidad y la competitividad internacional del Sistema Europeo de Enseñanza Superior
- ✓ Adopción de un sistema de dos niveles y tres ciclos:
 - GRADO: Cualificación para el mercado laboral (1º ciclo)
 - POSTGRADO: Investigación y /o formación profesional especializada avanzada (2º ciclo). Doctorado (3º ciclo)
- ✓ Adopción de un sistema de créditos de transferencia y acumulación (ECTS)
- ✓ Promoción de la movilidad de estudiantes y profesores
- ✓ Adopción de un sistema de títulos de sencilla legibilidad y comparabilidad: Suplemento Europeo al Título

Algunhas das consecuencias fundamentais da adhesión por parte das universidades españolas ó EEES, poden resumirse no seguinte cadro:



No novo EEES, o estudiantado será valorado en función do conxunto de competencias adquiridas e demostradas. Para elo é precisa unha nova metodoloxía docente, inserta, á súa vez, nun novo mapa de titulacións universitarias que utilizarán o crédito ECTS como medida do traballo cun estudante medio debe realizar.

2.2.- O CONCEPTO DE COMPETENCIA NO EEES

Trátase dunha combinación de coñecementos, habilidades, actitudes e responsabilidades, que describen os resultados do aprendizaxe dun programa educativo por parte do estudante. Poden clasificarse do seguinte xeito:

Competencias específicas: Son os comportamentos observables que se relacionan directamente coa utilización de conceptos, teorías ou habilidades propias da titulación.

Competencias transversais ou xerais: Capacidades e habilidades do estudante que se recoñecerán no mundo laboral, en calquera ámbito, cando deba facer fronte a unha situación como profesional ou investigador. Poden ser de tres tipos:

Instrumentais: ferramentas para o aprendizaxe e a formación:

Interpersoais: capacidades que permiten manter unha boa relación social:

Sistémicas: relacionadas coa xestión da totalidade da actuación (visión de conxunto)

2.3.- AS ACTIVIDADES FORMATIVAS

Tomando como referencia o grado de autonomía do estudante na realización de cada unha das actividades docentes nas que participará ó longo dos seus estudos universitarios, poderíamos distinguir catro grandes bloques de actividades formativas:

Actividades de ensinanza-aprendizaxe na aula, coa presenza do profesorado e que teñen un horario prefixado

Clases expositivas: teóricas, de carácter maxistral

Clases interactivas: resolución de problemas, traballos individuais e en grupo, estudo de casos, debates, prácticas de diferente tipo, exposicións, etc.

Actividades de ensinanza-aprendizaxe que, aínda que se poidan desenrolar de xeito autónomo dentro ou fora da aula, requiren da supervisión e seguimento, mais ou menos puntual, dun docente: *revisión de traballos, titorías programadas ou non programadas, prácticas de campo, traballo fin de grao, prácticas en empresa*

Actividades autónomas, nas que o estudante organiza o seu tempo e decide o esforzo, xa sexa individualmente ou en grupo: *preparación de temas e traballos, estudo, busca de bibliografía, elaboración de temas,...*

Actividades de avaliación, que se realizarán para valorar o grao de consecución dos obxectivos e das competencias por parte do estudante: *probos, exercicios e problemas, valoración final de informes, traballos, proxectos, probos finais escritas, presentacións orais, etc.*

2.4.- OS CRÉDITOS ECTS

Os créditos ECTS (European Credit Transfer System) creáronse a raíz dos programas de intercambio entre universidades de diferentes países, para facilitar o recoñecemento dos estudos dos alumnos que participaban neles. O primeiro uso deste sistema de créditos foi a confección dunhas táboas de equivalencia entre universidades para favorecer a mobilidade dos estudantes.

O EEES decidiu apostar polo ECTS como o estándar en todas as universidades para medir o esforzo dos alumnos e garantir a harmonización e a calidade das titulacións. O crédito ECTS pretende medir en horas o traballo real cun estudante medio deberá realizar para superar cada unha das materias do plano de estudos (incluíndo clases teóricas, prácticas, tempo de estudo e preparación de exames, realización de probas, busca de información,...). É unha referencia que permite recoñecer e validar os currículos dos estudantes nos diferentes países europeos.

Na USC un crédito ECTS equivale a 25 horas de traballo do estudante, das que 8 serán de clase presencial na aula e co profesor; as outras se reparten entre as demais actividades necesarias para superar cada materia.

Un curso académico equivale a 60 créditos ECTS.



2.5.- ESTRUCTURA DOS ESTUDOS

As ensinanzas universitarias conducentes á obtención de títulos de carácter oficial no Estado español estruturaranse, a partir da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), en tres ciclos: grao, máster e doutorado.

Grao: Son estudos que teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional. O título oficial que se obterá é o de graduado ou graduada

Para obter o título de **grao**, deberánse superar **240 créditos ECTS**. Estes 240 créditos conterán toda a información teórica e práctica: aspectos básicos da rama de coñecemento (materias de formación básica), obrigatorias ou optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de grao e outras actividades formativas. Os estudos remataranse cun traballo fin de grao.

Máster: Os estudos de máster permiten unha formación avanzada, orientada por unha banda á especialización académica ou profesional, e pola outra, a promover a iniciación de tarefas investigadoras. O **título oficial** que se obterá é o de **máster universitario**.

Para obter o título de máster deberánse superar **60 créditos ECTS**. Polo tanto, o período de estudo do máster será de **1 ano**. O máster deberá concluír coa elaboración e defensa pública dun traballo de fin de máster.

Doutorado: Os estudos de doutorado teñen por obxectivo a formación avanzada dos estudantes nas técnicas de investigación. O **título oficial** que se obterá é o de **doutor** ou **doutora**. Para obter o título de doutorado, débese completar un número de créditos determinado polos mesmos estudos e presentar a correspondente tese doutoral.

3.TITULACIÓN IMPARTIDAS NA FACULTADE DE RELACIONES LABORAIS

- **Grao:**
 - Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
 - Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos
 - Coordinador: Mario Lado Campelo

- **Máster:**
 - Máster en Xestión e Dirección Laboral
 - Coordinadora: María Consuelo Ferreiro Regueiro

 - Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense
 - Coordinador: Ramón Arce Fernández

- **Doutoramento:**
 - Entre outros: Programa de Doutoramento en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario

4. SERVICIOS UNIVERSITARIOS DE INTERESE

4.1.- PUNTO DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA

- C.O.I.E.: Centro de Orientación Integral ou Estudante

Dirección: Pavillón Estudantil, Campus Vida/Sur

- O.I.U.: Oficina de Información Universitaria

Dirección: Pavillón Estudantil, 2º andar - Campus Vida/Sur

Horario:

- o Presencial: 9:00 a 14:00

- o Telefónico:

- 9:00 a 14:30 (881 81 20 00 / 982 82 05 32)

- 14:30 a 20:00 (881 81 10 00)

Servizos:

- o Trámites e xestións dos procedementos académicos e de extensión universitaria

4.2.- BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS

Na USC podes atopar numerosas bibliotecas nas distintas facultades. Estas contan co servizo de préstamo bibliotecario para os estudantes . A continuación se móstranse as bibliotecas de referencia máis utilizadas como aulas de estudo e consulta.

- **Biblioteca Concepción Arenal: (ver páxina 10)**

- **Biblioteca da Facultade de Psicoloxía e Ciencias da Educación:**

Dirección: Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n. Campus Vida/Sur.

Horario:

- o Luns a venres : 9:30 a 21:30

- o Sábados e domingos: pechado.

- Aula de estudo:

- o Situada no andar baixo da biblioteca, accédese por as escaleiras interiores.

- Servizo de fotocopias:
 - o Pódense facer copias das consultas na propia biblioteca. Consulta á persoa encargada do mostrador.

- **Biblioteca Xeral:**

Dirección: Colexio de Fonseca, Rúa do Franco, s/n Campus Norte (Casco Antigo).

Horario:

- o Luns a venres : de 8:30- 21:30
- o Sábados e domingos: pechado.

Aula de estudo:

- o Atópase no último andar do edificio.

No inicio do período de exames (en o mes de Decembro) publicaranse os horarios extraordinarios e as bibliotecas adaptaranse a estes horarios.

4.3.- REDE DE AULAS DE INFORMÁTICA

A Rede de Aulas de Informática (RAI) conta con ordenadores dispoñibles para o alumnado, aos que pode acceder co seu nome e contrasinal de usuario/a. Este usuario/a correspóndese co correo electrónico facilitado pola RAI (nombre@rai.usc.es). Nestas aulas atópanse profesionais que poden orientarche sobre dificultades co usuario/a ou acceso á rede wifi da universidade.

Aulas en cada facultade:

- o Pódese imprimir de modo gratuíto, aínda que os folios débeos proporcionar o estudante. Cada usuario/a ten un saldo dispoñible para imprimir que se repón diariamente. Aproximadamente unhas 10 copias por día.
- o Aula Universia en la Biblioteca Aula dispoñible en la Biblioteca Concepción Arenal.

4.4.- SOLICITUDE DE CORREO ELECTRÓNICO

Todos os/as usuarios/as da comunidade universitaria dispoñen de credenciais xeradas de oficio. Se non coñece as súas credenciais ou non lle foron comunicadas no seu momento (matriculación, contratación) pode solicitar que lle sexan comunicadas das seguintes formas:

Estudantes:

Os estudantes de grao que acceden por primeira vez á USC poden xerar as súas credenciais de acceso aos sistemas de información da USC desde <https://matricula.usc.é/MatriculaPrimeiro>

O resto do alumnado, continuación en POP ou 3º ciclo que non teñan credenciais deben xeralas desde <https://matricula.usc.é/loginx>

Se o alumno/a xa dispón de conta de usuario/a e non lembra o seu contrasinal pode solicitala por un dos seguintes medios:

- Envío por mensaxe curta SMS, desde <https://sec-virtual.usc.é/Secretaria/Login.asp>
- Na aula de informática do seu centro
- Dirixíndose ao CAU

4.5.- ACCESO A INTERNET

Existen dous opcións para conectar á rede sen fíos (wifi) da USC

- USC-web: Recomendada para uso ocasional. Selecciona la rede wifi e a continuación abre o teu explorador habitual de internet. Este redirixirá o Portal de Acceso USC onde débese introducir o correo e contrasinal de usuario. Unha vez accedes a este portal, o teu dispositivo queda conectado á rede wifi.
- Rede EDUROAM: Descárgache a aplicación auto instalable en <http://cat.eduroam.org/> e introduce o teu perfil de usuario para configurar la rede.

4.6.- TARXETA UNIVERSITARIA DE IDENTIDADE (TUI)

É a Tarxeta Universitaria de Identidade realizada en colaboración co banco Santander.

O estudiantado, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, investigadores, etc., poderán facer uso deste cartón que os acreditará como membros da comunidade universitaria. Así mesmo, outros colectivos (colaboradores, usuarios/as, egresados/as) poderán dispor dun cartón coa finalidade de darlles acceso a determinadas funcionalidades e servizos.



4.7.- SECRETARÍA VIRTUAL PARA O ESTUDIANTE

Podes acceder dende www.usc.es, introduce o teu nome de usuario/a e contrasinal:

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Castellano English

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAMPUS VIDA CAMPUS TERRA

A USC ▾ Estudar ▾ Investigar ▾ Internacional ▾ **USC Virtual ▾** Perfís ▾ ⓘ

Campus Virtual
Secretaría Virtual
Sede Electrónica
Taboleiro Electrónico
Correo Web

Probas ABAU 2018 Admisión Matrícula

Study in Santiago

Dende a Secretaría Virtual para Estudiantes podes consultar o teu expediente, tramitar modificacións de matrícula e activar o sistema de notas por móbil entre outros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA **Curso 2017 / 2018**
Secretaría virtual do estudantado versión en Es

[inicio](#) | [acerca do web](#) | [mapa do web](#) | [directorio](#) | [contacto](#) | [correo web](#) | [ligazóns](#) | [axuda](#)

Secretaría
Consulta de expediente
Consulta expediente doutoramento RD 99/2011
Documentación
Intercambio
Liquidacións
Notas por móbil
Queixas e suxestións
Solicitude certificacións
Solicitude renuncia
Solicitude título
Solicitude defensa TFG/TFM

Matrícula
Matrícula
Modificación Matrícula
Matrícula Doutoramento RD99/2011
Consulta Libre Elección Seguro voluntario

Actividades, cursos e probas
As miñas actividades
Oferta
Test Nivel CLM

Convocatoria Fin de Carreira
Solicitude de convocatoria FC

Benvida/o á secretaría virtual da USC

CALENDARIO DE PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS
[Prazos de Procedementos Administrativos para o curso académico actual](#)

RESUMEN DE COBERTURAS DA PÓLIZA DE ACCIDENTES E ASISTENCIA EN VIAJES
[Resumen de coberturas da póliza de accidentes e asistencia en viaxes](#)

GUÍA PRÁCTICA DO ESTUDANTADO
[Guía práctica do estudantado](#)

Estuda linguas no teu campus!
Matricúlate nun curso dalgunha das linguas que oferta o [Centro de Linguas Modernas da USC](#). Os cursos das distintas linguas poden ser recoñecidos por créditos optativos nas novas titulacións de Grao.

Recorda que é indispensable ter acreditado o nivel B1 dunha lingua estranxeira para poder graduarte na USC, así como para poder cursar (requisito previo á admisión) o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (título universitario oficial que habilita para o exercicio das profesións de Profesor de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas).

DÚBIDAS ADMINISTRATIVAS E PROBLEMAS TÉCNICOS
As dúbidas sobre o proceso de matrícula ou consultas administrativas serán resoltas na Oficina de Información Universitaria (OIU) 881 81 20 00 oiu@usc.es

Se vostede experimenta algún problema técnico coa aplicación web da matrícula pode comunicalo ao Centro de Atención a usuarios (CAU) cau@usc.es

Convocatoria Fin de Carreira
Solicitude de convocatoria FC

Preinscricións
Solicitude de traslado
Matrícula anticipada doutoramento RD 99 (alumnos non EEES)
Admisión en Doutoramento RD 99
Admisión Máster/Matrícula
Admisión no Máster Oficial de Secundaria
Admisión Cursos obtención Grao

Elección / Cambio grupo
Elección docencia en Inglés
Solicitude cambio grupo (só Dereito, Políticas e RR.LL)

Información persoal
Datos persoais
Estatística
Enquisas sobre a docencia recibida
Eleccións

4.8.- CAMPUS VIRTUAL

Podes acceder dende www.usc.es, introduce o teu nome de usuario/a e contrasinal:



The screenshot shows the top navigation bar of the USC website. The language is set to 'Castellano' and 'English'. A search bar is present with the text 'Texto a buscar...'. The main navigation menu includes 'A USC', 'Estudar', 'Investigar', 'Internacional', 'USC Virtual', and 'Perfís'. The 'USC Virtual' menu is expanded, showing options: 'Campus Virtual', 'Secretaría Virtual', 'Sede Electrónica', 'Taboleiro Electrónico', and 'Correo Web'. Below the navigation, there are buttons for 'Probas ABAU 2018', 'Admisión', and 'Matrícula'. A banner image shows a group of students in front of a building, with the text 'Study in Santiago' overlaid.

No Campus Virtual terás acceso os contidos das materias así como a posibilidade de realizar distintas accións coma subir arquivos e personalizar túa sesión.



Servizo de identificación centralizado

O acceso a esta aplicación está restrinxido aos/as usuarios/as autorizados/as. Se vostede está autorizado/a para utilizar a aplicación debe introducir as súas credenciais.

Se vostede está autorizado/a para acceder a esta aplicación pero non consegue identificarse:

- Pode solicitar o envío ao móbil do seu contrasinal se está subscrito ao programa de comunicación de cualificacións ao móbil.
- Consulte a información dispoñible sobre identificación na USC.
- Póñase en contacto co Centro de Atención a Usuarios da USC.

Credenciais da USC

Nome de usuario/a:

nome.apellido@usc.es ou nome.apellido@rai.usc.es


Contrasinal:

Avisar antes de abrir sesión noutras aplicacións

4.7.- A PÁXINA WEB DA FACULTADE

O centro dispón dunha **PÁXINA WEB** propia na que os/as interesados/as poderán atopar información actualizada sobre diferentes temas de interese: titulacións, cambios de quenda, traballo fin de grao e máster, actividades, prácticas en empresa, horarios, etc.

A dirección é a seguinte: <http://www.usc.es/gl/centros/rlaborais/index.html>.




USC FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

A Facultade ▾ Titulacións ▾ Programas das materias Horarios de clase ▾ Calendario de exames ▾

Outras titulacións de interese Calidade

Inicio / Centros / Facultade de Relacións Laborais

Facultade de Relacións Laborais



Enderezo

Avenida Dr. Ángel Jorge Echeverri, s/n - Campus Vida
15782 Santiago de Compostela (A Coruña) Fax: 881815207

Teléfonos: 881815125 (Conserxería) - 881815126 (Secretaría Decanato)

Correo electrónico: zreideca@usc.es; zreisedi@usc.es

Facebook da Facultade Localización

Novas

- Resultados de avaliación da presentación e defensa dos T.F.G. da convocatoria de xullo, 2017-2018
- Modificacións na presentación do TFM MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS, PSICOLOXÍA XURÍDICO-FORENSE E INTERVENCIÓN SOCIAL
- Modificacións na presentación do TFM MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL
- Modificacións na presentación do TFG
- Resultado de avaliación do T.F.M. en PTOXPXIS (convocatoria de xullo), 2017-2018
- Resultado de avaliación do T.F.M. en Xestión e Dirección Laboral (convocatoria de xullo), 2017-2018
- Presentación e Defensa do TFM PTOXFIS - Oportunidade Xullo 2018
- Presentación e Defensa do TFG MDXL - Oportunidade Xullo 2018
- Presentación e Defensa do TFG - Oportunidade Xullo 2018
- Concesión Premio "Javier Marañón". Curso 2017-2018

Intercambios

- Programas de Mobilidade (OUTGOING), Servizo de Relacións Exteriores
- SICUE
- ERASMUS
- Portal Internacional da USC

Procedementos administrativos no centro

- Cambio de quenda
- Prácticas de empresa (Grao RR.LL. e RR.HH)
- Prácticas de empresa (Máster Xestión e Dirección Laboral)
- Traballo fin de grao
- Traballo fin de Máster en Xestión e Dirección Laboral
- Traballo fin de Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social
- Adaptacións parciais
- Formularios para o PDI

Normativa

- Xeral da USC
- Específica do centro

Premio Javier Marañón

- Convocatoria premio Javier Marañón. Curso 2017-2018
- Concesión do Premio "Javier Marañón". Curso 2017-2018

Información

- Acceso maiores de 40 anos
- Alumnado Internacional
- Apoio titular/extraordinario
- Biblioteca USC
- Boisas e axudas
- Cadro de adaptacións (da Diplomatura ao Grao)
- Cursos Ponte (Dipl. RR.LL. ou Grad. Sociais)
- Guía Informativa do Máster en Xestión e Dirección Laboral.
- Guía Informativa do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social
- Normativa de permanencia na USC
- Presentacións da Xornada técnica: Xestión dos riscos psicosociais e o estrés laboral
- Probas de competencia lingüística. Nivel B1
- Xestión académica

Ligazóns de interese

- Ligazóns de interese

Menú superior:



FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

- [A Facultade ▾](#)
- [Titulacións ▾](#)
- [Programas das materias](#)
- [Horarios de clase ▾](#)
- [Calendario de exames ▾](#)
- [Outras titulacións de interese](#)
- [Calidade](#)

Información sobre a Facultade: equipo decanal, profesores, normativa, persoal do PAS. Tamén podes ver os programas das materias, horarios de clase e de exames.

Menú Novas

Neste menú aparece a información das 10 últimas novidades da web da Facultade RRL, vaise actualizando constantemente para que apareza a información máis nova. É recomendable revisalo para ver as últimas novidades.

Novas
Resultados de avaliación da presentación e defensa dos T.F.G. da convocatoria de xullo. 2017-2018
Modificacións na presentación do TFM MÁSTER EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS, PSICOLOXÍA XURÍDICO-FORENSE E INTERVENCIÓN SOCIAL
Modificacións na presentación do TFM MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL
Modificacións na presentación do TFG
Resultado de avaliación do T.F.M. en PTOXFIS (convocatoria de xullo). 2017-2018
Resultado de avaliación do T.F.M. en Xestión e Dirección Laboral (convocatoria de xullo). 2017-2018
Presentación e Defensa do TFM PTOXFIS - Oportunidade Xullo 2018
Presentación e Defensa do TFG MDXL - Oportunidade Xullo 2018
Presentación e Defensa do TFG - Oportunidade Xullo 2018
Concesión Premio "Javier Marañón". Curso 2017-2018

Menú lateral

Podes atopar información a 1 click sobre os temas que ves a continuación.

Intercambios	Premio Javier Marañón
Programas de Mobilidade (OUTGOING). Servizo de Relacións Exteriores	Convocatoria premio Javier Marañón. Curso 2017-2018
SICUE	Concesión do Premio "Javier Marañón". Curso 2017-2018
ERASMUS	Información
Portal internacional da USC	Acceso maiores de 40 anos
Procedementos administrativos no centro	Alumnado Internacional
Cambio de quenda	Apoio titorial extraordinario
Prácticas de empresa (Grao RR.LL. e RR.HH)	Biblioteca USC
Prácticas de empresa (Máster Xestión e Dirección Laboral)	Bolsas e axudas
Traballo fin de grao	Cadro de adaptacións (da Diplomatura ao Grao)
Traballo fin de Máster en Xestión e Dirección Laboral	Cursos Ponte (Dipl. RR.LL. ou Grad. Sociais)
Traballo fin de Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social	Guía informativa do Máster en Xestión e Dirección Laboral
Adaptacións parciais	Guía informativa do Máster en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídico-Forense e Intervención Social
Dispensa da asistencia a clase	Normativa de permanencia na USC
Formularios para o PDI	Presentacións da Xornada técnica: Xestión dos riscos psicosociais e o estrés laboral
Normativa	Probas de competencia lingüística. Nivel B1
Xeral da USC	Xestión académica
Específica do centro	Ligazóns de interese
	Ligazóns de interese

A guía informativa do Grao en Relacións Laborais, sería este documento

5.- ESTUDIO DE IDIOMAS

Para a obtención dos títulos de Grao e Máster, é necesario acreditar nivel B1 dunha lingua estranxeira. Por iso, poñemos á vosa disposición información sobre os servizos oficiais en Santiago de Compostela, xa sexa a Escola de Linguas Modernas da propia Universidade, ou a Escola Oficial de Idiomas.

Para a mellora do idioma, así como a consecución do título, os servizos serían os seguintes:

5.1.- CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)

O Centro de Linguas Modernas é o Servizo de Idiomas da Universidade de Santiago de Compostela. Para máis información:

<http://www.usc.es/é/servizos/clm/cursos/inguas/index.html>

The screenshot shows the website for the USC Centro de Linguas Modernas (CLM). At the top, there is a navigation bar with the university name, language options (Galego, English), and a search bar. Below this is a main menu with categories like 'El CLM', 'Idiomas', 'Exámenes', and 'Fuera de las clases'. A breadcrumb trail indicates the current location: 'Inicio / Servicios / Centro de Linguas Modernas'. The main content area features a large banner for the 'CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM) 40 aniversario 1975 - 2015'. Below the banner is a grid of language course options, including Alemán, Árabe, Catalán, Checo, Chinés, Danés, Deutsch, Euskera, Francés, Gallego para non galegoafabantes, Grego moderno, Inglés, Italiano, Polaco, Portugués, and Lingua de signos. A central text overlay reads 'Cursos intensivos, semiintensivos, semestrales, anuales'. To the right, a sidebar titled 'Cursos por periodos' lists various semesters and months. At the bottom, there are logos for 'aces' and 'CercleS', a Facebook link, and a registration notice for B1, B2 courses.

Resumo dos servizos que ofrece:

PROBAS DE ACREDITACIÓN:

O Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela realizará dous tipos de exames (B1-A e B1-B) ao longo de todo o curso académico segundo un calendario publicado previamente (ver a convocatoria). Unha vez superado o exame B1-A, que será suficiente para poder solicitar as bolsas de mobilidade internacional, poderedes matricularvos no segundo exame, B1-B. Superando este, obtense a acreditación do nivel B1 do MCER.

Tamén dispoñibles en Nivel B2

CURSOS DE IDIOMAS:

Existen cursos semestrais de 40 horas ou anuais de 80 horas de diversos idiomas.

5.2.- ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

Prazos de inscrición: os prazos oficiais realizáronse no mes de xullo, pero a principios de outubro publícanse na páxina web as prazas vacantes.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/>

O alumnado pode consultar as prazas vacantes no idioma elixido (Comprobar convalidacións de nivel na web, en caso de continuación).

The screenshot shows the website for the EOI (Escuela Oficial de Idiomas) de Santiago de Compostela. The header is blue and contains the EOI logo and navigation links: Aula Moodle, Aula Cesga, Edmodo, Schoolology, Preguntas frecuentes, Aviso legal, Mapa do sitio, and Portal educativo. On the left, there is a search bar and a menu with categories: centro, Estudar na EOI, Idiomas, and Alumnado. The main content area has three sections: 'Atención usuarios da biblioteca' with a notice about library hours, 'Información provisional sobre o novo plan de estudos' with a 'Ler máis' link, and 'Calendario de exames maio/xuño 2018 para alumnado oficial e libre (por idioma)'. The right sidebar has a 'Alumnado' menu with sub-items: Asistencia e avaliación, Asociación de alumnos e ex-alumnos, Bolsas e axudas, Consulta de notas - CentrosNET, Datos exames e convocatorias, Xunta de representantes, Clases canceladas, 'That's English!' with sub-items: Información xeral, Tutorías, Exames e convocatorias, 'Internacionalización' with sub-items: Erasmus+, Programas europeos, Cursos de formación de profesorado/Teacher Training Courses, and 'Actividades' with sub-item: Actividades culturais.



Facultade de Relacións Laborais

